

Boletín Nº 44. Lunes, 23 de febrero de 2009

[IV. ADMINISTRACIÓN LOCAL](#) [IV.2 MUNICIPAL](#) [A CORUÑA](#) [ÁREA DE CULTURA E PROMOCIÓN SOCIAL](#) [DEPARTAMENTO DE IGUALDADE E PARTICIPACIÓN CIDADÁ](#)

ANUNCIO Pág. 2747 Reg. 09/1733-x.

[Anterior](#)

[Siguinte](#)

Aprobación definitiva da Ordenanza municipal reguladora do servizo de atención á infancia para a conciliación da vida laboral, familiar e persoal do Concello da Coruña

O Excmo. Concello Pleno, en sesión de 6 de outubro de 2008 aprobou inicialmente a Ordenanza municipal reguladora do servizo de atención á infancia para a conciliación da vida laboral, familiar e persoal; posteriormente, no Boletín Oficial da Provincia n.º 242 de 20 de outubro de 2008 publicouse o anuncio da aprobación inicial; e finalmente, o Excmo. Concello Pleno, en sesión de 19 de decembro de 2008 aprobou definitivamente dita Ordenanza municipal reguladora do servizo de atención á infancia para a conciliación da vida laboral, familiar e persoal.

Polo tanto, publicase o texto integro da Ordenanza municipal reguladora do servizo de atención á infancia para a conciliación da vida laboral, familiar e persoal, de acordo co establecido no artigo 70.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local. Dita Ordenanza municipal entrará en vigor unha vez publicada integramente o seu texto e transcorrido o prazo previsto no artigo 65.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

- ANEXO -

ORDENANZA MUNICIPAL DO SERVIZO DE ATENCIÓN Á INFANCIA PARA A CONCILIACIÓN DA VIDA LABORAL, FAMILIAR E PERSOAL

Exposición de motivos.

Na actualidade, a nivel municipal coexisten diferentes recursos que tratan de facilitar a conciliación da vida laboral, familiar e persoal como son os programas de madrugadores, luditardes, o programa vacacional ou as escolas infantís municipais. Cada un destes servizos realízase en determinadas franxas horarias, ofértanse en determinadas épocas do ano, responden a determinados intervalos de idade, ou contan cuns horarios determinados. Con todo, na maioría dos casos estas medidas resultan insuficientes para que as familias, especialmente as mulleres, poidan abordar diferentes asuntos de carácter laboral, familiar ou persoal.

Neste sentido, e coa finalidade de complementar os recursos municipais en materia de conciliación apoiando ás familias fóra do horario escolar e dando cobertura a apoios puntuais e emerxencias familiares, aprobouse no Pleno Municipal celebrado con data

de doce de novembro de 2007, a creación do “servizo de atención á infancia para a conciliación da vida laboral, familiar e persoal”.

Dito servizo responde aos obxectivos que plantexan leis promulgadas a nivel estatal e autonómico como son a Lei orgánica 3/2007, de 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes, a Lei 7/2004, do 16 de xullo, galega para a igualdade de mulleres e homes ou a Lei 2/2007, do 28 de marzo, do traballo en igualdade das mulleres de Galicia. Todas elas fan referencia directa no seu articulado ás necesidades de conciliación nos eidos mencionados no primeiro parágrafo.

Responde igualmente ás medidas contempladas no Plano de Fomento da Corresponsabilidade da Xunta de Galicia, o cal establece como un dos seus obxectivos xerais: “crear servizos flexíbeis de atención á infancia que permitan compatibilizar a vida familiar, persoal e laboral”, liña de traballo básica e fundamental que presenta este servizo municipal.

Visto o anteriormente exposto, cómpre conferir a este servizo dun maior grado de estabilidade e formalización a través da redación desta ordenanza, respondendo deste xeito por unha banda ás medidas que desde as políticas de igualdade se queren potenciar e plantexándose como un recurso municipal a favor da conciliación e da corresponsabilidade que as leis e planos mencionados promulgan.

TÍTULO I. DISPOSICIÓNS XERAIS

Artigo 1. Obxecto.

1. Esta ordenanza ten por obxecto a regulación do servizo de atención á infancia para a conciliación da vida laboral, familiar e persoal.

2. Para estes efectos, enténdese por servizo de atención á infancia para a conciliación da vida laboral, familiar e persoal o conxunto organizado e integrado de medidas e prestacións orientadas a favorecer:

– A conciliación nos eidos laboral, familiar e persoal, beneficiando tanto aos menores como á unidade familiar no seu conxunto e apoiando, especificamente, ás mulleres no seu proceso de participación socio-laboral.

– A corresponsabilidade nos eidos doméstico, familiar e social, a través da programación de actividades dirixidas ás novas xeracións.

Artigo 2. Obxectivos.

1. O servizo de atención á infancia para a conciliación da vida laboral, familiar e persoal ten un dobre obxectivo, referido por unha banda ás persoas con menores a cargo e por outra aos propios menores.

2. O obxectivo xeral respecto as persoas responsables dos menores é contribuir á harmonización da vida laboral, familiar e persoal a través dun servizo que responda ás necesidades existentes de conciliación por parte fundamentalmente das mulleres, no que respecta ao coidado dos menores ao seu cargo.

3. Para acadar o sinalado no apartado anterior se definen os seguintes obxectivos específicos, que non teñen carácter excluínente:

- Favorecer o acceso a cursos de formación ocupacional por parte das mulleres, así como a súa incorporación laboral.
- Facilitarlles o acceso, promoción e mantemento no seu posto de traballo.
- Potenciar o benestar das unidades familiares.
- Facilitar un tempo de seu ás mulleres que lles permita participar plenamente na súa comunidade (reunións nas ANPAS, participación en asociacións, asistencia a xornadas de interese persoal ou profesional, etc), co fin de afortalar o seu papel activo na sociedade.

4. O obxectivo xeral respecto aos menores é ofertar coidados básicos e atencións de carácter lúdico, social e educativo aos menores que queden sós en ausencia da súa nai, pai ou persoa responsábel, sempre que non se puidese recorrer a outros recursos axeitados.

5. Para acadar o sinalado no apartado anterior se definen os seguintes obxectivos específicos, que non teñen carácter excluínente:

- Habilitar espazos que contribúan a desenvolver a personalidade dos menores a través do xogo e do xoguete.
- Ofertar coidados básicos e atencións, en caso necesario, aos menores no seu propio domicilio.
- Ofertar aos menores un plano de actividades e obradoiros de carácter lúdico e educativo, na liña de intervención desde a educación non formal, isto é, presentando a actividade lúdica como un recurso educativo e creativo no seu tempo libre.
- Ofertar aos menores actividades lúdico-educativas relacionadas coa educación para a igualdade, a diversidade e, en xeral, a educación en valores sociocomunitarios.
- Habilitar un espazo de apoio ao estudio no que os menores que o precisen poidan aprender técnicas de estudo e realizar as tarefas escolares.

Artigo 3. Principios reguladores do servizo.

O servizo de atención á infancia para a conciliación da vida laboral, familiar e persoal réxese polos seguintes principios:

- a) Flexibilidade e multifuncionalidade: Conforme á casuística ou necesidade de cada unidade familiar, poderase acceder ao servizo en diferentes momentos e horarios, ou, no seu caso, a diferentes medidas ou prestacións.
- b) Benestar do menor: velarase en todo momento polo benestar do menor.
- c) Persoalizado: cada intervención realizarase de xeito persoalizado, isto é, será resultado do contacto previo coa unidade familiar, tratando de dar resposta as súas

necesidades.

d) Coeducación: educar en igualdade evitando a transmisión de estereotipos de xénero.

Artigo 4. Conceptos xerais.

Aos efectos previstos nesta ordenanza entenderase como:

Responsable/s do menor: A persoa ou persoas que teñan legalmente atribuída a patria potestade, tutela, ou representación legal do menor, de acordo ca establecido no Código Civil, e demais normativa vixente de atención ao menor.

Concellaría competente: A Concellaría que, de acordo coas normas de organización e distribución de competencias municipais, teña atribuída as competencias en materia de igualdade.

Artigo 5. Réxime de tarifas.

O Concello poderá establecer, a través da correspondente ordenanza, as taxas ou prezos públicos, según proceda, que deban facer efectivos os beneficiarios do servizo, nas súas diferentes modalidades.

Artigo 6. Das persoas beneficiarias.

Serán persoas beneficiarias en función das características de cada servizo os membros das unidades familiares responsables dos menores a cargo de entre catro meses e os doce anos con necesidades obxectivables de conciliación dos eidos laboral, familiar e persoal, dificultades para acceder a outros recursos normalizados e que reúnan unha serie de requisitos, entre eles, a non dispoñibilidade de recursos económicos ou persoais adecuados para afrontar a súa necesidade.

TÍTULO II. MODALIDADES DO SERVIZO

Artigo 7. Atencións incluídas no servizo.

O Concello poderá prestar o servizo de atención á infancia para a conciliación da vida laboral, familiar e persoal nalgunha ou todas das seguintes modalidades:

- a) Espazos de atención á infancia (en adiante, E.A.I).
- b) Atención á infancia a través dunha rede municipal de ludotecas.
- c) Atención á infancia a domicilio.

Artigo 8. Espazos de atención á infancia.

1. Os E.A.I. son espazos onde se proporciona de modo non regular acollemento e desenvolvemento de actividades de carácter lúdico-educativo dirixidas a grupos de menores de idades comprendidas entre os catro e doce anos.

Poderán acceder ao mesmo aqueles menores que no ano do curso escolar teñan ou cumpran os 4 anos e/ou estean integrados no primeiro curso de educación infantil.

Estes espazos regularanse pola normativa vixente.

2. O fundamento principal desta prestación son as necesidades de tipo laboral ou persoal dos responsables dos menores, e por isto poderase acceder a este servizo por calquera das seguintes causas:

- Harmonizar os tempos de traballo e coidados dos/as menores, para o cual valorarase a casuística de cada unidade familiar e delimitarase o prazo máximo de temporalización do servizo.
- Participación en programas municipais de emprego do Concello da Coruña.
- Participación en cursos de formación ocupacional tanto para o acceso como para o mantemento e promoción no posto de traballo.
- Realización de entrevistas de traballo.
- Asistencia ao traballo, mentres dure o período de proba.
- Situacións de emerxencia familiar que poidan ser abordadas a través do desenvolvemento deste servizo.
- Outras: participación en actividades de carácter educativo, socio-cultural e deportivo (xornadas, conferencias, seminarios, reunións de ANPAS, cursiños, etc).

O servizo prestarase con arranxo as seguintes condicións:

a) As actividades dos menores agruparanse nos seguintes bloques:

- Xogo de libre acceso a través da habilitación de diferentes rincóns.
- Realización de obradoiros e actividades de animación socio-cultural.
- Apoio ao estudo (tutorización) e aprendizaxe de técnicas de estudo.

b) Corresponderá á Concellaría competente a aprobación e modificación da programación, calendario e horario do servizo.

c) O persoal dos E.A.I. serán profesionais con experiencia e formación no coidado de menores, educación infantil e animación socio-cultural en número necesario conforme á ratio de menores.

Artigo 9. Atención á infancia a través dunha rede municipal de ludotecas.

1. As ludotecas son espazos socioeducativos diurnos de actividade regular ou continuada dirixidos tanto á poboación infantil de idades comprendidas entre os catro e os doce anos como ás unidades familiares de referencia, nos que se favorece o desenvolvemento persoal, social, afectivo e cognitivo do/da menor a través de xogos e xoguetes.

Réxense pola normativa vixente.

2. O fundamento principal desta prestación son as necesiades de carácter social e persoal tanto dos/as menores como das persoas responsables deles/as.

O servizo prestarase con arranxo as seguintes condicións:

a) As actividades dos menores consistirán en:

- Xogo de libre acceso a través da habilitación de diferentes rincóns.
- Intercambio de xogos e xoguetes a través do préstamo interior do material de xogo dispoñible na ludoteca,
- Actividades de animación-sociocultural.
- Atención psicopedagóxica dirixida aos menores.

b) Corresponderá á Concellaría competente a aprobación e modificación da programación, calendario e horario do servizo.

c) As ludotecas ofertarán puntos de información ás unidades familiares dentro dos horarios de referencia para o funcionamento do servizo: atención a nais, pais ou responsables dos menores, ofertándose orientacións, suxestións e información xeral vencellada á selección e bo uso educativo dos xogos e xoguetes.

Artigo 10. Atencións á infancia a domicilio.

1. Atención á infancia a domicilio é o conxunto de accións vinculadas ao coidado e atencións a dispensar a menores de idades comprendidas entre os catro meses e os doce anos no seu propio domicilio.

Está excluída a realización de actividades relacionadas co servizo doméstico salvo que estas estean vencelladas estritamente ao benestar do/a menor.

2. O fundamento principal desta prestación son as necesidades e circunstancias de carácter familiar e de natureza extraordinaria tanto dos menores como das persoas responsables que non podan ser satisfeitas a través do servizo prestado nos espazos de atención á infancia, nin ningún outro servizo posto a disposición por parte do Concello.

3. O servizo prestarase con arranxo as seguintes condicións:

a) O servizo inclúe as accións que se relacionan a continuación, e que deberán diferenciarse en función da idade do menor:

- Realización de biberóns, almorzos ou comidas.
- Axuda para comer en función da idade ou características do/a menor.
- Dispensar coidados aos/ás menores enfermos/as en ausencia das persoas responsables.

- Tarefas relacionadas co aseo ou hixiene do/a menor.
- Acompañamento ao pediatra.
- Proporcionar menciñas en caso de enfermidades, segundo prescripcións médicas e baixo as orientación dos responsables do menor.
- Planificación e realización de actividades de ocio.
- Apoio na realización de tarefas escolares.
- Outras relacionadas co acompañamento do menor fóra do fogar.

b) Corresponderá á Concellaría competente a aprobación e modificación da programación, calendario e horario do servizo.

c) A Concellaría competente determinará o prazo máximo e número de horas de aplicación do servizo por unidade familiar, condicionado á casuística que orixine a alta, e suxeito á dispoñibilidade de recursos do servizo.

TÍTULO III. REQUISITOS E PROCEDEMENTO

Artigo 11. Requisitos xerais para acceder ao servizo.

1. Para acceder a este servizo deberán cumprirse os seguintes requisitos:

a) Precisar medidas de conciliación da vida persoal, laboral e familiar no municipio da Coruña. Enténdese que concorren estas necesidades no término municipal:

- Para solicitar o servizo de atención a domicilio, cando o responsable do menor ou o menor estean empadroados no municipio da Coruña.

Para solicitar o servizo nos E.A.I. ou nas ludotecas, cando o responsable do menor ou o menor estean empadroados no municipio da Coruña, o menor estea cursando estudos nun centro de ensino domiciliado no municipio da Coruña ou cando o responsable do menor sea empregado público, traballador por conta propia ou allea, nun centro de traballo domiciliado no municipio da Coruña.

b) Solicitar o servizo, en razón dalgunha das casuísticas ou motivacións sinaladas conforme a cada unha das tres modalidades de atencións.

c) Non dispor doutro recurso axeitado, según informe motivado dos técnicos municipais.

d) Que o/a menor non requira cuidados especiais que excedan da capacidade do servizo, según a valoración dos técnicos municipais.

Artigo 12. Solicitud de alta no servizo servizo.

1. Os interesados deberán solicitar a alta no servizo presentando unha solicitude segundo o modelo normalizado aprobado pola Concellaría competente.

2. Os elementos básicos que reunirá dita solicitude son:

- Datos de identidade do menor, do/s responsable/s do mesmo e acreditación da relación xurídica entre ambos (libro de familia, sentenza, resolución administrativa, etc).
- Datos relativos á unidade familiar (membros que a compoñen, parentesco, ingresos económicos estimados).
- Motivación que dá orixe á solicitude do servizo.
- A solicitude deberá estar asinada polo responsable do/a menor.

3. Cando no/a menor concurran circunstancias persoais que poidan afectar ao seu coidado (enfermidades) ou á convivencia deberán ser comunicadas no momento da solicitude, ou posteriormente se son sobrevenidas

4. Xunto coa solicitude se achegará a documentación que a Concellaría competente considere necesaria para acreditar o cumprimento dos requisitos e proceder á súa avaliación. A estes efectos poderase pedir aos solicitantes datos e documentación adicional ou complementaria.

5. As solicitudes se presentarán no Rexistro Xeral do Concello da Coruña, ou por calquera outro dos medios recollidos na Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e procedemento administrativo común.

6. As solicitudes deben presentarse como mínimo 10 días hábiles antes do inicio da prestación do servizo.

7. Os usuarios do servizo están obrigados a comunicar á Concellaría competente calquera variación nos datos facilitados.

Artigo 13. Estimación ou desestimación da solicitude de alta no servizo.

1. Mediante resolución da Concellaría competente acordarase a alta no servizo dos solicitantes que reúnan os requisitos establecidos.

2. Serán desestimadas mediante resolución motivada da Concellaría competente as solicitudes que non reúnan os requisitos establecidos.

Artigo 14. Avaliación das necesidades de conciliación dos usuarios.

O persoal técnico municipal responsable do Servizo, unha vez analizadas e aceptadas as solicitudes, contactarán cos solicitantes para recabar a documentación complementaria ou adicional que se precise, e para concertar unha entrevista na que establecer de común acordo o servizo máis axeitado conforme ás súas necesidades.

Artigo 15. Comunicación da necesidade de prestación do servizo.

1. As persoas dadas de alta no servizo e que desexen facer uso do mesmo deberán comunicar a necesidade de prestación conforme ao modelo normalizado e procedemento que se estableza, e indicando como mínimo:

- Datos de identidade do/s responsable/s e dos menores.
- Modalidade do servizo que se solicita, data, horario e motivacións.

2. A comunicación da necesidade de prestación do servizo deberá facerse como mínimo cunha antelación de 24 horas, salvo circunstancias excepcionais que será avaliadas polos técnicos municipais.

Artigo 16. Solicitudes conxuntas.

As persoas interesadas poden solicitar simultaneamente a alta no servizo e a prestación do mesmo. Neste caso deberán aportar á solicitude os datos indicados no artigo 12 e no artigo 15, e presentala no prazo mínimo establecido no artigo 12.

Artigo 17. Valoración das solicitudes de prestación do servizo.

No caso de que as solicitudes de prestacións concretas excedan dos recursos municipais dispoñibles as solicitudes presentadas serán valoradas con arranxo aos seguintes criterios:

1. Preferencia das familias monomarentais ou monoparentais.
2. Recursos económicos da unidade familiar.
3. Número de menores da unidade familiar.
4. Causa da solicitude: darase preferencia as solicitudes motivadas pola necesidade de harmonizar os tempos de traballo e de coidado dos menores.
5. Circunstancias persoais e familiares: enfermidade do/a menor, emerxencias familiares (circunstancias imprevistas que desequilibren o quefacer diario da unidade familiar), ou outras circunstancias familiares que dificulten a conciliación da vida persoal, familiar e laboral.
6. Cómputo de horas que se teña utilizado o servizo, procurando facilitar o acceso ao mesmo ao maior número posible de solicitantes.
7. Outras circunstancias familiares que dificulten a conciliación da vida persoal, familiar e laboral.
8. No caso dos E.A.I. e das ludotecas, valorarase o empadroamento no municipio da Coruña dos responsables ou dos menores.

Artigo 18. Comunicación da imposibilidade temporal de prestación do servizo.

No caso de que non se poida acceder á prestación solicitada por non ter dispoñibilidade temporal de recursos, comunicarase inmediatamente ás persoas responsables do menor tal feito.

Artigo 19. Baixa no servizo.

Acordarase a baixa no servizo nos seguintes casos:

- a) Por renuncia das persoas responsables do/a menor.
- b) Por desaparición das causas que motivaron a súa concesión.
- c) Por non facer uso do servizo nas condicións acordadas cos responsables, e en todo caso cando transcurra máis dun trimestre.
- d) Cando exista ocultación ou falseamento de datos por parte da persoa solicitante.
- e) Por resolución do órgano competente competente por incumprimento moi grave dos deberes dos usuarios, de conformidade co artigo 25.

TÍTULO IV. DEREITOS E DEBERES DOS USUARIOS

Artigo 20. Usuarios/as.

Aos efectos do presente Título IV, consideranse usuarios/as do servizo tanto os responsables do/a menor como o propio menor.

Artigo 21. Dereitos dos usuarios/as.

Os usuarios/as do servizo terán os seguintes dereitos:

- Ao acceso ao servizo e as prestación do mesmo, segundo os requisitos e condicións que establece esta ordenanza reguladora e a normativa de desenvolvemento desta, e a recibir información en relación co servizo.
- Á consideración no trato, tanto por parte do persoal do centro coma dos demais usuarios.
- Ao sigilo profesional sobre os datos persoais e familiares, e demais dereitos relativos á protección de datos de carácter persoal.
- A esixir o cumprimento de todas as normas de hixiene e seguridade no desenvolvemento das actividades do servizo.
- Colaborar e participar na vida do centro adscrito ao servizo co fin de conseguir os obxectivos propostos do servizo.
- A ser informados do desenvolvemento do menor, e a pedir explicación de canto afecte ao seu coidado.

Artigo 22. Deberes dos usuarios/as.

Os usuarios/as do servizo terán os seguintes deberes:

- Cumprir as normas de aplicación ao servizo.
- Aportar, comunicar e manter actualizados os datos persoais e profesionais necesarios para a alta no servizo e para a realización das prestación do mesmo.

- Asinar as autorizacións e conformidades que sexan indispensables para o coidado e benestar do menor, mediante os formularios aprobados pola Concellaría competente.
- Manter e observar unha conduta inspirada no mutuo respecto, tolerancia e colaboración, encamiñada a facilitar unha mellor convivencia.
- Responsabilizarse daquelas situacións en que, por motivos de saúde ou malestar, sexa necesario que o menor sexa recollido do centro adscrito ao servizo.
- Respetar a dignidade e as funcións do persoal de atención directa e de apoio dos centros adscritos, e ao resto de usuarios.
- Comunicar a baixa cando proceda.

Artigo 23. Infraccións.

1. O incumprimento por parte dos usuarios/as dos deberes recollidos no artigo anterior dará lugar a unha infracción, que se calificará de leve, grave ou moi grave.

2. A declaración da infracción e a imposición da correspondente sanción acordarase pola Xunta de Goberno, ou órgano en quen esta delegue, de forma motivada, previa instrución dun expediente contradictorio, con audiencia dos interesados.

3. Serán moi graves as infraccións que supoñan:

a) Unha perturbación relevante da convivencia que afecte de xeito grave, inmediata e directa á tranquilidade ou ao exercicio de dereitos lexítimos doutras persoas, ou ao normal desenvolvemento das actividades, sempre que se trate de condutas non subsumibles nos tipos previstos no capítulo IV da Lei 1/1992, de 21 de febreiro, de Protección da Seguridade Cidadá.

b) O impedimento do uso do servizo por outra ou outras persoas con dereito á súa utilización.

c) O impedimento ou a grave e relevante obstrución ao normal funcionamento do servizo.

d) Os actos de deterioración grave e relevante de equipamentos, infraestruturas, instalacións ou elementos do servizo.

e) A grave desconsideración cos restantes usuarios do servizo ou co persoal ao cargo do mesmo.

f) A comisión de dúas faltas graves.

4. As demais infraccións clasificaranse en graves e leves, de acordo cos seguintes criterios:

a) A intensidade da perturbación ocasionada no normal funcionamento do servizo.

b) A intensidade dos danos ocasionado ás instalacións e elementos do servizo.

c) A reiteración ou reincidencia na conducta sancionada.

Artigo 24. Sancións.

1. Por razón das infraccións recollidas no artigo anterior poderán impoñerse as seguintes sancións:

a) Infraccións moi graves:

– Baixa no servizo, non podendo solicitarse unha nova alta ata transcurrido un mínimo de 1 ano.

– Sanción económica cando a infracción corresponda a danos materiais, por unha cuantía equivalente aos perxuizos ocasionados.

b) Infraccións graves:

– Suspensión de prestación do servizo por un prazo de 15 días a 3 meses.

c) Infraccións leves:

– Suspensión de prestación do servizo por un prazo inferior a 15 días.

– Apercibimento.

Disposición adicional. Instrucción.

A interpretación e desenvolvemento desta ordenanza corresponderá á Concellaría competente, que a estes efectos aprobará unha Instrucción que virá a complementar os aspectos procedimentais e operativos non recollidos na Ordenanza.

Este desenvolvemento terá como finalidade axilizar o acceso á prestación do servizo tendo en conta as características do mesmo.

Disposición transitoria. Inicio do servizo.

A posta en marcha de cada unha das modalidades de prestación deste servizo realizarase mediante acordo da Concellaría competente en función da dispoñibilidade de recursos materiais e persoais para a súa axeitada realización.

A Coruña, 9 de febreiro de 2009.

A Concelleira Delegada de Igualdade

e Participación Cidadá,

Asdo.: Margarida Vázquez Veras

De acuerdo con el artículo 7.1 de la Ley 5/2002, del 4 de abril, Reguladora de los Boletines Oficiales de las Provincias, los originales serán transcritos en la misma forma en que se hallen redactados y autorizados por el órgano remitente, sin que por ninguna causa puedan variarse o modificarse sus textos una vez éstos hayan tenido entrada en el Boletín Oficial, salvo que el órgano remitente lo autorice de forma fehaciente.